

Bases das axudas á publicación de discos e libros

2021

Primeira: solicitantes

A Fundación SGAE estudará as solicitudes de axudas presentadas por:

PARA DISCOS:

- Autores socios da SGAE que vaian autoeditar un disco novo con obras da súa autoría. Neste caso, o autor que realiza labores de produtor fonográfico como empresario autónomo deberá cumprir coas obrigas fiscais e tributarias en materia de seguridade social establecidas legalmente, e deberá estar dado de alta no réxime que corresponda.
- Autor socio da SGAE que non vaia autoeditarse pero que si vaia asinar un contrato cun selo discográfico subscribindo para iso o correspondente contrato para a explotación dun novo disco coas obras da súa autoría.
- Persoas xurídicas (sociedades mercantís, fundacións e/ou asociacións) que teñan no seu obxecto social a actividade do produtor discográfico e/ou distribución fonográfica. Poderán presentarse sempre que o proxecto que acompañen na solicitude sexa para a publicación e/ou distribución dun disco cun repertorio de autores socios da SGAE.

En calquera caso, calquera que sexa o solicitante de entre os anteriormente indicados, de axuda a discos, debe presentar un disco no que, polo menos, o 50% do repertorio incluído no disco debe ser de obras non gravadas previamente en soportes comerciais. O xénero das obras incluídas no soporte pode ser calquera xénero ou expresión musical.

Así mesmo, o solicitante da axuda, sexa empresario autónomo (persoa física) ou persoa xurídica debe posuír, no momento de presentar a solicitude, e como mínimo ata o 31 de marzo de 2022, a titularidade do 100% dos dereitos de explotación sobre o soporte discográfico.

PARA LIBROS:

- Autores socios da SGAE que como empresarios autónomos autoediten un libro da súa autoría. Neste caso o autor que realiza labores de editor de libros como empresario autónomo deberá cumprir coas obrigas fiscais e tributarias, e en materia de seguridade social, establecidas legalmente, e deberá estar dado de alta no réxime que lle corresponda.
- Autor socio da SGAE que non vaia autoeditar o seu libro pero que si vaia asinar un contrato de edición cun editor subscribindo para iso o correspondente contrato para a edición do libro.
- Persoas xurídicas (sociedades mercantís, asociacións e/ou fundacións) cuxo obxecto social sexa a edición de libros e presenten un proxecto que teña como obxectivo a publicación dun libro que contribúa a difundir o repertorio de autores socios da SGAE.

En todos os casos a obra obxecto da publicación non debe estar publicada en edicións comerciais previas.

CUESTIÓN COMÚN PARA TODOS OS SOLICITANTES:

Ningún solicitante poderá recibir, no conxunto das axudas ofrecidas pola Fundación SGAE, máis dunha axuda no mesmo ano, coa única excepción das recibidas en concepto de *Axudas a viaxes para a promoción internacional*, cuxa recepción si é compatible coa doutras axudas.

As entidades con personalidade xurídica propia poderán recibir máis dunha axuda desta convocatoria, sempre e cando sexa para proxectos de diferentes socios da SGAE.

Non poderán atenderse solicitudes de produtores fonográficos e editores, tanto se son empresarios autónomos como empresarios con personalidade xurídica, que non se atopen ao corrente de pagamento dos dereitos de autor coa SGAE.

Para os efectos destas axudas enténdese por repertorio SGAE as obras creadas por autores socios da SGAE.

Segunda: tipoloxía dos proxectos

Serán susceptibles de participar nesta convocatoria:

- Os proxectos discográficos cuxa fase de produción fonográfica xa fose completada e a súa edición teña lugar entre o 1 de xaneiro de 2021 e o 31 de marzo de 2022. Desta maneira, e por cumprimento expreso do disposto das directrices da Fundación SGAE, apóiase a fase de publicación do disco e non da produción. Os gastos computables para esta axuda serán unicamente os referidos á publicación do disco (fabricación, edición do libreto, promoción, lanzamento, posicionamento en plataformas dixitais, etc.). O repertorio incluído no fonograma debe corresponder a autor(es) socio(s) da SGAE.

O proxecto discográfico deberá ser presentado mediante unha descrición e un cronograma detallando as datas da súa publicación, así como dos orzamentos completos do proxecto e os contratos ou documentos oportunos que aseguren a publicación do fonograma. O fonograma deberá ser enviado unicamente en formato dixital como documento adicional no formulario ou por correo electrónico.

- Os proxectos editoriais cuxa fase de redacción do orixinal xa se atope finalizada e a súa publicación teña lugar entre o 1 de xaneiro de 2021 e o 31 de marzo de 2022. Os gastos computables para esta axuda serán os referidos á publicación do libro (fabricación, promoción, lanzamento, posicionamento en plataformas dixitais, etc.), e non á redacción do orixinal.

O libro debe incluír ou ben directamente repertorio SGAE (guións, obras dramáticas, letras, etc.) ou ben promover a difusión da obra dun autor ou conxunto de autores membros de SGAE ou estar dedicado ao estudo do ámbito creativo no que os autores socios de SGAE desenvolven o seu traballo.

O proxecto editorial deberá ser presentado mediante unha descrición e detallando as datas da súa publicación, así como dos orzamentos completos do proxecto e os contratos ou documentos oportunos que aseguren a publicación do libro. Igualmente, o texto do libro

deberá ser enviado unicamente en formato dixital como documento adicional no formulario ou por correo electrónico.

Terceira: achega da Fundación SGAE

A contía máxima atribuíble a cada solicitude non poderá superar os 2.000 € (impostos incluídos) tanto no caso dos discos coma dos libros. O pagamento realizarase conforme ao establecido na cláusula oitava destas mesmas bases, mediante un documento de pagamento vinculado ao convenio e aplicando as oportunas retencións de IRPF. Estas cantidades non poderán ser empregadas para pagar dereitos SGAE.

Cuarta: documentación

As solicitudes deberán conter a seguinte documentación:

1. Formulario de solicitude debidamente cumprimentado.
2. Copia do NIF/NIE/Pasaporte/CIF.
3. As persoas xurídicas deberán presentar obrigatoriamente:
 - a. Copia da tarxeta do CIF.
 - b. Copia autorizada da escritura de constitución da persoa xurídica (sociedade mercantil, asociación ou fundación) debidamente inscrita no rexistro que corresponda (Rexistro Mercantil, Rexistro de Asociacións ou Rexistro de Fundacións).
 - c. Copia autorizada da escritura que inclúa o cargo do/dos administrador/es vixente/s no caso de sociedades mercantís.
 - d. No caso de asociacións e fundacións:
 - i. Estatutos vixentes da asociación ou fundación.
 - ii. Resolución do Rexistro de Asociacións ou do Rexistro de Fundacións, segundo corresponda, coa inscrición dos cargos vixentes da Xunta Directiva (asociacións) ou do Padroado (fundacións).
4. No caso de autores que non se autoediten senón que van chegar a un acordo cun terceiro para a edición do seu disco ou libro, deberán presentar unha copia do contrato discográfico ou do contrato de edición do libro, segundo corresponda. No caso de que o contrato non estea suscrito na data da solicitude, deberán presentar a carta de intencións asinada polo produtor fonográfico ou editor de libros, segundo corresponda.
5. CV do/s autor/es das obras.
6. Descrición do proxecto para o que se solicita a axuda e cronograma.
7. Orzamento detallado de custos.
8. Certificación da colaboración doutras entidades, no seu caso.
9. Carta de apoio do autor ou herdeiros no caso de que non coincida co solicitante.
10. Copia do rexistro aceptado en SGAE das obras no caso das axudas a discos.
11. O contido do disco ou o texto do libro en formato dixital como documento adicional no formulario ou por correo electrónico (ayudas@fundacionsgae.org).
12. Autorización dos autores solicitantes ou intérpretes solicitantes en favor da Fundación SGAE para que esta poida facer uso dos seus datos de carácter persoal no marco da presente convocatoria. Se os solicitantes fosen persoas xurídicas deberán presentar autorización dos autores ou intérpretes que representen para que a Fundación SGAE poida facer uso dos seus datos de carácter persoal no marco desta convocatoria. O modelo de autorización que se debe presentar está dispoñible na web de Fundación SGAE dentro do apartado de convocatoria desta axuda.

Quinta: criterios de avaliación

Para a avaliación dos proxectos recibidos, valoraranse especialmente os seguintes aspectos:

1. Facilitar a relación da autoría co conxunto da sociedade, promover a pedagogía social sobre o dereito de autor e impulsar o acceso á cultura.
2. Fomentar as novas expresións artísticas e os proxectos multidisciplinares no conxunto do repertorio sobre o que traballa a Fundación SGAE.
3. Colaborar con outras institucións e organizacións.
4. Fomentar a participación das autoras.

Ademais, terase en conta a viabilidade do proxecto acorde aos orzamentos presentados, a súa potencial repercusión sociocultural e a eficiencia na aplicación dos recursos achegados, se fose o caso, por estas axudas.

Sexta: presentación de solicitudes e prazo

1. O formulario de solicitude estará dispoñible no web da Fundación SGAE www.fundacionsgae.org. Deberá usarse o formato electrónico do formulario, e é necesario encher todos os campos obrigatorios. A Fundación SGAE avisará da recepción de todas as solicitudes, e notificaralles a aqueles que non presenten toda a documentación esixida os documentos que falten. O solicitante ao que se lle indique que non está completa a documentación presentada terá, como prazo máximo para completar a solicitude, os 15 días seguintes á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, é dicir, ata as 24.00 do sábado 21 de setembro de 2019. No caso de non ser resolta a solicitude no prazo indicado quedará desestimada.
2. O prazo de presentación das solicitudes de axudas á publicación de discos e libros iniciarase o xoves 17 de xuño de 2021 e manterase aberto ata as 24.00 do venres 17 de setembro de 2021. As solicitudes recibidas fóra deste prazo serán desestimadas.

Sétima: procedemento e resolución de solicitudes

1. Un Comité de Avaliación encargarse de estudar e avaliar as solicitudes que cumpran os requisitos indicados nestas Bases.
2. Comité decidirá a concesión das axudas e a súa resolución será comunicada a todos os interesados por escrito.
3. A resolución do Comité será inapelable.

Oitava: formalización da colaboración

A Fundación SGAE e o solicitante cuxo proxecto fose aprobado subscribirán un convenio de colaboración específico que haberá de conter, necesariamente, as Bases establecidas neste documento e a información que enumeramos deseguido, a título enunciativo:

1. Dereitos e obrigas de cada unha das partes.
2. Prazo de inicio e finalización do proxecto.
3. Importe da axuda concedida.
4. Forma de pagamento.
5. Seguimento do proxecto (informe, avaliación, material onde se inclúa a imaxe corporativa da Fundación SGAE e memoria final). A memoria final debe incluír a enumeración das accións

levadas a cabo para a publicación, o detalle do seu custo (acorde co importe da axuda concedida) e copia dos documentos económicos que acrediten estes custos.

6. Compromiso de informar á Fundación SGAE do rexistro en SGAE do fonograma editado grazas á recepción desta axuda No caso de distribución física débese achegar a factura emitida polo departamento de Reprodución Mecánica -en concepto de dereitos de autor pola fabricación e distribución do soporte físico- e licenza outorgada polo devandito departamento tras o pago da mencionada factura no caso da distribución física. Se a distribución é dixital deberase demostrar que se levou a cabo en plataformas dixitais legais.

A Fundación SGAE solicitaralle ao beneficiario da axuda a documentación pertinente para a formalización do convenio. O prazo máximo para proporcionar esa documentación será de dous (2) meses, que comezarán a contar desde que a Fundación SGAE a solicitase. Se o/a seleccionado/a non entrega a documentación nese prazo, perderá o dereito á axuda. Toda a documentación achegada pasará a formar parte inseparable do convenio que se subscribirá entre as partes e non se devolverá.

Así mesmo, a Fundación SGAE faralle chegar ao beneficiario da axuda o convenio para subscribir entre as partes. O/a beneficiario/a terá un prazo máximo de dous (2) meses para devolver asinados os exemplares do convenio acompañado de documento de pagamento ou factura (segundo o caso) para o cobro da axuda. A non entrega do convenio ou do documento ou factura para o pagamento no citado prazo faralle perder ao/a beneficiario/a a axuda.

Novena: Deber de confidencialidade e protección de datos persoais

Toda a información que as partes fornezan na xestión do proxecto ten carácter confidencial e non poderá ser revelada a terceiros nin utilizada para fins distintos aos establecidos, salvo as excepcións determinadas pola lexislación vixente.

Os datos de carácter persoal que voluntariamente faciliten as persoas solicitantes incorporaranse nun ficheiro cuxo responsable é Fundación SGAE, e serán utilizados, única e exclusivamente, para a xestión da participación da persoa solicitante nesta convocatoria de axudas. O titular do dereito fundamental á protección de datos persoais conta cos dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición, portabilidade de datos, e o de non ser obxecto de decisións individuais automatizadas. Para exercelos pode dirixirse por escrito a: Fundación SGAE, para a atención de Servizos xurídicos, calle Bárbara de Braganza, 7, 28004 Madrid. O escrito deberá indicar nome, apelidos e indicar o dereito exercitado e o motivo, e deberá vir acompañada de fotocopia do DNI/NIE ou pasaporte. Fundación SGAE presume que os datos facilitados polo afectado son veraces e responden á súa situación actual. O afectado obrígase a comunicar a súa modificación desde o momento en que se produza.

Décima: normas xerais

1. O solicitante incluírá o logotipo de Fundación SGAE e o seguinte texto: “coa axuda de Fundación SGAE” na portada do disco ou libro publicado así como na promoción que realice deste, tales como publicidade, carteis, catálogos, folletos e outros análogos.
2. A presentación da solicitude por parte do solicitante implica a aceptación tácita das condicións e Bases establecidas neste documento e leva a autorización do solicitante para

que a Fundación SGAE poida difundir información da axuda prestada nas súas Memorias e demais publicacións. No caso de incumprimento dalgunha das condicións reflectidas nas citadas bases, Fundación SGAE non procederá a ingresar o importe pola axuda concedida e en caso de ter realizado o ingreso, o seleccionado devolverá o importe recibido a partir do momento que Fundación SGAE lle comunique dito incumprimento.

3. Para o caso de autores que na presentación da solicitude de axuda para que a súa obra sexa editada ou publicada por un terceiro acheguen só a carta de intención do produtor discográfico ou editor de libro (segundo corresponda) deberán presentar, a máis tardar o 31 de marzo de 2022, unha copia do contrato finalmente asinado (contrato discográfico ou contrato de edición de libros). No caso contrario perderán a axuda e, se xa a cobrasen, deberán devolver o importe desta á Fundación SGAE.
4. O solicitante exime a Fundación SGAE de calquera responsabilidade derivada de calquera transgresión da lexislación vixente en que puidera incurrir o solicitante respecto da realización e desenvolvemento do proxecto.

Para máis información: ayudas@fundacionsgae.org